



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Dirección Xeral de Educación, Formación
Profesional e Innovación Educativa

Educación secundaria
para persoas adultas



Ámbito social

Educación a distancia semipresencial

Módulo 3

Unidade didáctica 12

O diñeiro. O mercado financeiro

Índice

1.	Introdución.....	3
1.1	Descrición da unidade didáctica.....	3
1.2	Coñecementos previos.....	3
1.3	Suxestións para a motivación e o estudo.....	3
1.4	Orientacións para a programación temporal	4
2.	Secuencia de contidos e actividades	5
2.1	O diñeiro	5
2.1.1	Funcións do diñeiro	5
2.1.2	A evolución do diñeiro	6
2.1.3	Tipos de diñeiro.....	7
2.1.4	Contas bancarias	8
2.1.5	As tarxetas	9
2.1.6	A banca en liña.....	14
2.2	O mercado financeiro	18
2.3	O contrato de seguro.....	23
3.	Resumo de contidos	28
4.	Actividades complementarias.....	33
5.	Exercicios de autoavaliación	35
6.	Solucionario.....	39
6.1	Solucións das actividades propostas	39
6.2	Solucións das actividades complementarias.....	47
6.3	Solucións dos exercicios de autoavaliación	50
7.	Glosario.....	54
8.	Bibliografía e recursos	55
9.	Anexo. Licenza de recursos	56

1. **Introdución**

1.1 **Descrición da unidade didáctica**

O feito de que poidamos entregar moedas e billetes a cambio dunhas zapatillas ou dunha entrada para o cine é esencial para que os mercados poidan funcionar con axilidade. Ademais, grazas a isto podemos usar o diñeiro para comparar o valor das cousas ou para aforrar de cara ao futuro.

Pero na actualidade hai formas de diñeiro distintas dos billetes e das moedas, coma o saldo das nosas contas correntes ou as tarxetas de crédito. Estas novas formas de diñeiro, cada vez máis utilizadas, funcionan a través das entidades financeiras, polo que temos que afacernos a xestionar as nosas relacións con eles para coñecer os nosos dereitos e obrigas fronte a eles.

Estudaremos tamén a importancia do seguro como medio para a cobertura de riscos e identificaremos os diferentes tipos que podemos contratar.

1.2 **Coñecementos previos**

Para comezar, faremos unha actividade de detección de coñecementos previos, para tomala de punto de partida para explicar os contidos. Esta actividade consistirá nun breve cuestionario sobre os contidos máis básicos que estudaremos. Posteriormente faremos un debate na aula sobre as respostas de todo o alumnado.

- Diferenzas entre unha tarxeta de débito e de crédito.
- A banca en liña. Utilízala con frecuencia?
- Tes coche? Que seguro tes contratado? Sabes as súas coberturas?
- Fíxecheslle algunha vez unha reclamación a unha entidade financeira? Sabes como facela? En caso afirmativo, explícalle o motivo aos teus compañeiros.
- Cal é a función máis importante que cumpre o diñeiro?

1.3 **Suxestións para a motivación e o estudo**

Para motivar o alumnado, nesta unidade faremos moitas actividades variadas e moi cercanas a eles debido ao carácter práctico e á estreita relación co seu día a día.

- Estudaremos algúns extractos bancarios con datos reais.
- Presentaremos unha reclamación ante unha entidade financeira e aproveitaremos as novas tecnoloxías para descargar o formulario.
- Veremos os elementos dunha tarxeta bancaria, a partir dunha tarxeta que teñen na aula.
- Averiguaremos a autenticidade dos billetes de euro nunha ligazón do Banco de España.
- Analizaremos algúns contratos de seguro.

Todas as actividades espertarán a curiosidade polo estudo da unidade e serviranlles para identificalas coa realidade.

1.4 Orientacións para a programación temporal

A orientación para a programación temporal da unidade será de tres semanas, combinando as explicacións teóricas dos contidos co desenvolvemento das actividades.

- Primeira semana. Explicaranse os contidos pertencentes ao punto 2.1. *O diñeiro* e faranse actividades.
- Segunda semana. Estudaránse os contidos do punto 2.2. O mercado financeiro e o punto 2.3. *Os contratos de seguro* coas súas correspondentes actividades.
- Terceira semana. Desenvolveranse as actividades pendentes e as complementarias. Resolveranse todo tipo de dúbidas.

2. Secuencia de contidos e actividades

2.1 O diñeiro

O diñeiro simplifica os intercambios: todo o mundo o acepta como medio de cambio, é dicir, poderase utilizar para mercar o que necesitemos.

O **diñeiro** é calquera medio de cambio ou pagamento e cobro xeralmente aceptado por todos.

A nosa moeda, desde que pertencemos á Unión Económica e Monetaria é o euro.

Existen sete billetes de euro: 5€, 10€, 20€, 50€, 100€, 200€ e 500€.

Existen oito moedas de euro: 1, 2, 5, 10, 20 e 50 céntimos, 1€ e 2€.



2.1.1 Funcións do diñeiro


As funcións do diñeiro son as seguintes:

MEDIO DE CAMBIO	DEPÓSITO DE VALOR	UNIDADE DE CONTA COMÚN	PATRÓN DE PAGAMENTO DIFERIDO
É a función máis importante. Facilita o intercambio de bens e servizos e a cancelación de débedas, por tratarse dun ben convencional xeralmente aceptado por todos .	O diñeiro permite ao seu posuidor aprazar a decisión de utilizalo e almacenalo mentres o crea conveniente, é dicir, pode usarse para realizar compras no futuro e é un xeito de manter a riqueza.	A economía mide o valor das cousas en diñeiro. Expresa en unidades monetarias os valores que posúen as cousas.	Os pagamentos que se fagan no futuro están especificados en diñeiro.
Funcións do diñeiro			

2.1.2 A evolución do diñeiro

O diñeiro evolucionou da seguinte forma:

- **Troco.** É a primeira forma de intercambio que se utilizou. O troco consiste no intercambio dun ben ou dun servizo por outro. Esta forma de intercambio presenta moitas limitacións, xa que ten que existir unha coincidencia de necesidades obrigando a establecer as cantidades obxecto do intercambio e os prezos.



- **Bens convertidos en instrumentos xerais de cambio.** Ao longo da historia utilizáronse numerosos bens como medios de pagamento. A mercadoría debía ser valiosa, portátil, divisible e escasa coa condición de que a sociedade tivese a plena confianza de utilizala como medio de cambio. Os bens utilizados foron moi diversos:

- cunchas
- gando
- sal
- metais



- Entre as mercadorías utilizadas como medio de cambio, destacaron os **metais preciosos**. As sociedades foron seleccionando algúns metais coma o ouro, a prata e o cobre como bens para funcionar como diñeiro. Converteuse nun medio de pagamento moi incómodo, debido a que en cada transacción de intercambio había que pesar o metal.



- **Acuña a moeda.** O metal pártese en pequenas porcións e márcase cun sinal significativo. Créase a moeda que ten como función específica a de servir de diñeiro.

- **Papel moeda.** O papel moeda é coñecido como billete e nace como consecuencia do encargo que tiñan os ourives de custodiar os metais preciosos: a cambio do ouro que gardaban, entregábanlles aos depositantes un recibo de papel que garantía a súa recuperación en calquera momento. Os ourives foron substituídos polos bancos como custodiantes do ouro, e converteron os recibos en billetes de banco. O papel moeda supón un grande avance para o comercio.



2.1.3 Tipos de diñeiro

O relevante do diñeiro que utilizamos na actualidade é a confianza que temos as persoas en poder utilizalo como un medio de cambio aceptado por todos. Como diñeiro de confianza ou **fiduciario**, hoxe en día acéptanse:

- **O diñeiro de curso legal.** Son os billetes e moedas de curso legal emitidos polos bancos centrais de cada país. España é un dos países da eurozona, polo que o organismo que emite e controla a cantidade de diñeiro en circulación é o Banco Central Europeo (BCE).
- **O diñeiro bancario.** É o que, dalgunha forma, só existe virtualmente porque "está no banco". Cando depositamos o diñeiro legal nun banco ou caixa, este desaparece fisicamente e renace como diñeiro bancario. É o diñeiro creado polos bancos, a partir dos depósitos dos aforradores.

2.1.4 Contas bancarias

Os bancos e caixas son empresas intermediarias no mercado do diñeiro. Eles tratan de captar o diñeiro das familias e canalizalo a outros fins, distribuíndoo a outros axentes en forma de produtos e servizos financeiros.

Os produtos máis demandados polos clientes dos bancos e caixas, son os depósitos á vista e os depósitos a prazo fixo.

Depósitos á vista

Conta corrente ou de aforro, de disposición inmediata e sen remuneración. As contas bancarias son depósitos de diñeiro que constitúen o soporte en torno ao cal se centralizan as operacións bancarias habituais.

As operacións bancarias máis habituais son as seguintes:

▪ <i>Ingresos ou pagamentos de diñeiro</i>	▪ <i>Traspasos de diñeiro entre contas da mesma entidade</i>
▪ <i>Domiciliacións de recibos (atender ao pagamento de recibos que autorizou o titular, coma o da luz ou o do móbil)</i>	▪ <i>Transferencias de diñeiro entre contas bancarias de distintas entidades</i>
▪ <i>Pagamento de cotas de préstamos ou achegas a plans de pensións</i>	▪ <i>Retiradas de diñeiro mediante caixeiros automáticos</i>

Hai unha variedade de conta de aforro para xoves, ata a idade de 25 anos e que está libre de comisións e goza de incentivos como sorteos e agasallos, entre outros.

VANTAXES	▪ Sinxeleza de contratación	DES/VANTAXES	▪ Pouca rendibilidade
	▪ Liquidez total		▪ Comisións por mantemento
	▪ Información detallada dos movementos		▪ Comisións por administración
	▪ Utilización de caixeiros		▪ Comisións por operacións
Vantaxes e desvantaxes dos depósitos á vista			

Depósitos ou imposicións a prazo fixo

Son aqueles depósitos, cuxo titular, a cambio dunha remuneración en forma de xuros, se compromete a mantelos durante un prazo determinado, e non poderá dispor deles sen asumir unha penalización.

Este tipo de depósitos son os que máis xuros xeran para os clientes. Non é posible operar con cheques, retirar diñeiro de caixeiros ou domiciliar recibos con eles.

2.1.5 As tarxetas

As tarxetas, son hoxe en día, un dos medios de pagamento máis utilizados grazas á súa comodidade, facilidade de uso e aceptación xeralizada. O feito de estar protexidas por sistemas de claves fai que a súa utilización sexa máis segura que levar o diñeiro no peto.

As **tarxetas** son medios de pagamento en soporte de plástico emitidos por unha entidade financeira ou un comercio.

Os principais tipos de tarxetas son:

As **tarxetas bancarias**. Son emitidas por unha entidade financeira. Poden utilizarse para realizar compras ou retirar diñeiro nos caixeiros automáticos.

As **tarxetas non bancarias**. Serven exclusivamente para mercar nos establecementos que as emiten como os grandes almacéns, cadeas de tendas ...

Un tipo de tarxeta que non se utiliza como medio de pagamento, senón que serve para acumular puntos, descontos ou regalos nos comercios que a emiten, son as **tarxetas de fidelización**.

As tarxetas bancarias

As tarxetas bancarias utilizan os fondos depositados nunha conta bancaria asociada. Poden ser de varios tipos:

- **Tarxeta de débito:** É un rectángulo de plástico numerado que presenta unha banda magnética ou un microchip e que permite facer compras que se pagan no momento. Pagar con ela é como utilizar o diñeiro da conta, xa que o importe da compra ou do diñeiro retirado nun caixeiro sae da conta asociada de forma inmediata.

Adoitan ser nominativas e permiten dispor de tanto efectivo en caixeiros automáticos ou facer cargos en comercios como saldo dispoñible haxa na tarxeta asociada. Se, pola razón que sexa, se gasta máis do saldo dispoñible, incórrase no que se coñece como "descuberto bancario" polo cal a entidade financeira cobrará unha comisión.

- **Tarxeta de crédito:** É un rectángulo de plástico numerado, que presenta unha banda magnética ou un microchip e que permite realizar compras que se pagan no futuro. Para solicitar unha tarxeta deste tipo, é necesario dirixirse a unha entidade financeira. Despois esta solicitaralle ao interesado unha serie de documentos para asegurarse de que é unha persoa solvente capaz de facer fronte ás súas obrigas de pagamento. Existen dúas modalidades:

- **Pagamento mensual pola totalidade:** é a máis sinxela e tradicional. O saldo debedor (todos os gastos realizados nun mes) págase con cargo á nosa conta

no primeiro día do mes posterior, momento no que si hai que ter diñeiro suficiente para liquidar a débeda.


- **Pagamento aprazado:** é unha "cota flexible" que permite aprazar o pagamento mediante unha cota coma se se tratase dun préstamo.

VANTAGES	INCONVENIENTES
Dá maior seguridade que o diñeiro en efectivo.	Cargan comisións e gastos de mantemento.
Comodidade para pagamentos, recargas para o móbil...	Hai a posibilidade de fraude no caso de perda ou roubo.
Ten un maior control dos gastos.	Só permite dispor do saldo da conta (tarxetas débito).
Permite mercar agora e pagar despois (tarxetas crédito).	Xuros altos se non se paga a final do mes (tarxetas crédito).
É un fondo para emerxencias (tarxetas crédito) .	O seu abuso pode levar a endebedarse en exceso (tarxetas crédito).
<i>Vantaxes e inconvenientes das tarxetas de débito e crédito</i>	


- **Tarxetas moedeiro:** tamén chamadas de prepagamento. Son tarxetas que permiten realizar pagamentos ata un límite previamente pactado tras facer o ingreso do diñeiro por caixa ou a través dunha conta bancaria. Este tipo de tarxetas son ideais para pagamentos pequenos e poden ser nominativas ou non.
 - Pódense recargar co saldo en euros que queira o titular.
 - Pode ser utilizada en comercios mentres haxa saldo dispoñible.
 - É ideal para facer compras en liña coa seguridade de que a máxima fraude que nos poderá causar será o seu saldo máximo.
 - Pódese recargar unha vez que estea disposto o saldo.

Unha variedade de tarxeta de prepagamento é a multidivisa, que é aquela cuxo saldo se pode expresar nunha moeda diferente á emitida. Polo tanto, non é necesario facer cambios de moeda ao facer pagamentos no estranxeiro.

- **Tarxetas virtuais:** son unha variante das tarxetas moedeiro cuxo uso se limita a mercar a través de Internet. Estas tarxetas non existen fisicamente, senón que só son un número, unha clave e unha data de caducidade.

			
Tarxeta de débito	Tarxeta de crédito	Tarxeta moedeiro	Tarxeta virtual

Elementos característicos das tarxetas bancarias



Comparación das características das tarxetas bancarias

▪ Débito	Operativa en	▪ Bancos	SI	Retirada de fondos	Inmediata
		▪ Caixeiros	SI		
		▪ Internet	SI		
		▪ Comercios	SI		
		▪ Aprazamento de pagamentos	NON		
▪ Crédito	Operativa en	▪ Bancos	SI	Retirada de fondos	Aprazada
		▪ Caixeiros	SI		
		▪ Internet	SI		
		▪ Comercios	SI		
		▪ Aprazamento de pagamentos	SI		
▪ Moedeiro	Operativa en	▪ Bancos	SI	Retirada de fondos	Inmediata
		▪ Caixeiros	SI		
		▪ Internet	SI		
		▪ Comercios	SI		
		▪ Aprazamento de pagamentos	NON		
▪ Virtual	Operativa en	▪ Bancos	NON	Retirada de fondos	Inmediata
		▪ Caixeiros	NON		
		▪ Internet	NON		
		▪ Comercios	SI		
		▪ Aprazamento de pagamentos	NON		

Tarxetas non bancarias

- Tarxetas **comerciais**. Son aquelas tarxetas de crédito emitidas por unha superficie comercial como, por exemplo, O Corte Inglés.
 - Utilízanse xeralmente como instrumento de financiamento das compras feitas na rede de tendas do establecemento.
 - Permite, do mesmo xeito que outras tarxetas, o aprazamento das compras a finais de mes sen custos extra para o seu titular.
 - Pementen ao seu titular financiar as compras a prazo do establecemento.
 - Adoitan servir exclusivamente para realizar compras no establecemento comercial que as emite, dentro do límite do crédito pactado.
 - As grandes empresas de distribución utilízanas tamén como ferramenta de fidelización dos seus clientes, nas cales lle reembolsan ao cliente unha porcentaxe polas súas compras coa tarxeta.

Actividade resolta

Sinale se as características indicadas na columna da esquerda constitúen unha vantaxe (V) ou un inconveniente (I) para as tarxetas de débito, as de crédito ou a ambas as dúas:

CARACTERÍSTICAS	V / I	SOLUCIÓN	
		DÉBITO	CRÉDITO
▪ Posibilidade de fraude en caso de roubo ou perda	I	SI	SI
▪ Só permite dispor de saldo na conta bancaria	I	SI	NON
▪ Maior seguridade que o diñeiro en efectivo	V	SI	SI
▪ Pode ser un fondo para emerxencias	V	NON	SI
▪ Comodidade para pagamentos	V	SI	SI
▪ O seu abuso pode levar a endebedarse en exceso	I	NON	SI

Actividades propostas

S1. Que prestacións ofrece a tarxeta de crédito fronte á tarxeta de débito?

S2. Por que as tarxetas moedeiro e virtuais son as máis seguras?

S3. Identifique os elementos que ve na seguinte tarxeta de crédito.



S4. Sinala se as características seguintes lles corresponden ás tarxetas de crédito, débito ou a ambas as dúas.

	Débito	Crédito
▪ Ten gastos de mantemento.		
▪ É válida para facer compras en diferentes comercios.		
▪ É posible aprazar o pagamento das compras.		
▪ Ten xuros altos no caso de non pagar a fin de mes.		
▪ É válida para facer compras a través de Internet.		

S5. Complete as seguintes frases coas palabras axeitadas:

- Utilizar unha tarxeta de _____ ten as mesmas consecuencias que dispor de calquera outro crédito ou modalidade de financiamento: estamos obrigados a devolver o _____ e a pagar os _____ establecidos.
- As tarxetas máis seguras de todas son as _____ e as _____, xa que no caso de _____, ningún pode superar o límite.
- As tarxetas _____ emíteas unha entidade financeira. Poden utilizarse para realizar compras ou retirar diñeiro dos _____.
- As tarxetas _____, emítenas os _____.

Seguridade nas tarxetas

As tarxetas, como medio de pagamento, adoitan ser máis seguras que o diñeiro en efectivo, a pesar dos riscos de operar con elas.

Como usuarios de tarxetas, debemos seguir unha serie de consellos, que se enumeran a continuación:

En comercios	En Internet	Número secreto das tarxetas	Recibos das tarxetas
Cando pagamos con tarxeta bancaria nun comercio, debemos ter precaución cando utilizamos o terminal de pagamento: ▪ Non perda de vista a súa tarxeta. ▪ Asegúrese de que lle devolven a súa tarxeta. ▪ Non permita que a súa tarxeta sexa utilizada en dispositivos diferentes ao o terminal de pagamento. ▪ Informe a entidade financeira no caso de que note algunha manipulación anormal da tarxeta.	Cómpre comprobar que operamos nun sitio seguro ("https://...") ou cun cadeado sen romper. Debe asegurarse da autenticidade do comercio. É preciso imprimir os xustificantes de pagamento e as confirmación enviadas polo correo electrónico. Utilice as tarxetas virtuais sempre que sexa posible. Sempre que se poida, empregue pasarelas de pagamento.	É altamente recomendable memorizar o número das tarxetas e non anotalo xunto á tarxeta e non utilizar números sinxelos como a data de nacemento, matrícula do coche etc.	Débense conservar os recibos como comprobante ata que nos carguen o importe na conta e unha vez revisados hai que destruílos.

O uso fraudulento de tarxetas de crédito e débito causan un prexuízo de 150 millóns de euros anualmente aos seus titulares e entidades financeiras.

2.1.6 A banca en liña

A banca en liña é a banca á que se pode ter acceso a través de Internet.

As **vantaxes** son as seguintes:

- Comodidade
- Acceso á banca as 24 horas
- Aforro de tempo
- Operacións máis baratas
- Ofertas e servizos personalizados

Os **inconvenientes** son os seguintes:

- Precaución coas claves
- Perigos propios do mundo informático
- Utilizacións fraudulentas

É fundamental que teñamos boas prácticas á hora de utilizar a banca electrónica:

	Desconfíe de mensaxes de correo electrónico que proveñan de sitios descoñecidos.		Evite a visualización da súa tarxeta de claves por parte de terceiros e non faga copias da tarxeta.
	Cambie periodicamente a clave de acceso, memorícea e evite anotala.		Utilice e actualice automaticamente os sistemas antivirus e antispyware.
	Garde nun lugar seguro as tarxetas de claves ou de identificación dixital.		Actualice o navegador e o sistema operativo coas melloras de seguridade achegadas polo fabricante.
	Nunca entregue o identificador, contrasinal ou outros datos persoais cando estes lle sexan requiridos en mensaxes, fax ou correos electrónicos.		Instale unha devasa nas conexións permanentes á rede informática.
	Protexa o acceso ao móbil no que se teña instalada a banca en liña.		Tome precaucións adicionais nos ordenadores públicos ou compartidos.

Actividade resolta

Antón tivo os seguintes ingresos e gastos nos meses de xullo e agosto na súa conta xove:

INGRESOS	GASTOS
22/07 - Ingreso en efectivo 60 €	22/07 - Recibo do teléfono móbil 20,10 €
03/08 - Transferencia do banco A 1.200 €	29/07 - Reintegro no caixeiro automático 100 €
	06/08 - Compra na tenda C 85,43 €

Dado o extracto da conta bancaria de Antón:

- Identifique os elementos característicos do extracto bancario.
- Rexistre os movementos citados para determinar o saldo final da conta se o saldo anterior era de 450,89 €.

Código Conta Cliente (CCC): 20 dígitos que corresponden á entidade, oficina, DC e número de conta.

Data do extracto

BANCO C

Nº CONTA CORRENTE: 0001 0002 99 0003 004 005

IBAN: ES00 0001 0002 99 0003 004 005

ESTADO DA CONTA CORRENTE O 07/08

SALDO ANTERIOR 450,89 €uros

Data	Data valor	Concepto	Importe	Saldo posterior
22/07	22/07	INGRESO EN OFICINA	60,00 €	510,89 €
22/07	22/07	RECIBO MÓBIL	- 20,10 €	490,79 €
29/07	29/07	REINTEGRO CAIXEIRO	- 100,00 €	390,79 €
03/08	03/08	TRANSFERENCIAS A OUTROS BANCOS	1.200,00 €	1.590,79 €
06/08	06/08	CARGO COMPRA	- 85,43 €	1.505,36 €
Data operación	Data a partir do día no que conta a operación		SALDO	1.505,36 €

Movimentos

Entradas (+) e saídas (-)

Saldo final

Actividades propostas

S6. Cal é a función dos bancos e as caixas de aforro no mercado do diñeiro?

S7. Cal é o principal inconveniente da banca en liña?

S8. Defina brevemente:

▪ Cheque	
▪ Libreta bancaria	
▪ Comisi3ns bancarias	
▪ IBAN	

- S9.** Relacione cada unha destas características cun depósito á vista ou un depósito a prazo fixo:

▪ Pódese dispor do diñeiro mediante cheques ou libretas de aforro.	
▪ Existe unha penalización por dispor de diñeiro antes do tempo pactado.	
▪ Existe unha variedade sen comisións para menores de 25 anos.	
▪ Non funciona con "soporte operativo" das operacións bancarias.	
▪ É posible a retirada de diñeiro dende caixeiros automáticos.	
▪ Son as contas bancarias que xeran máis intereses.	

- S10.** Ao longo do mes de abril, Marta tivo os seguintes movementos na súa conta de aforro:

INGRESOS	GASTOS
Transferencia ao seu favor 450,00 €	Retirada do caixeiro 75,00 €
Ingreso en efectivo 128,00 €	Recibo da librería 42,25 €
Xuros ao seu favor 3,28 €	Recibo da luz 49,95 €
	Farmacia 12,90 €

- Confeccione un extracto bancario parecido ao da actividade resolta e rexistre nel os movementos correspondentes ás operacións anteriores.
 - A canto ascendía o seu saldo inicial se o saldo final é de 450,25 €?
- S11.** Carmen ten contratada a banca en liña coa súa conta bancaria. Ela ignora todas as mensaxes que recibe no seu correo electrónico para requirirlle información persoal. Como número de clave de acceso á súa conta utiliza os nove díxitos do seu número de teléfono. Ás veces, accede dende o seu móbil, que require un patrón de desbloqueo para operar con el. Ela nunca saca da casa a tarxeta de claves, salvo cando sae de viaxe. Tena gardada nun caixón xunto ao ordenador. Sempre realiza as operacións co banco dende o ordenador da súa casa. O ordenador ten instalado un sistema operativo pirata, polo que ten moitas actualizacións pendentes. O que si ten ao día son os sistemas antivirus e anti-spyware.
- Cre que Carmen poderá mellorar algún dos anteriores aspectos para aumentar a seguridade coa que opera a través da banca en liña?

2.2 O mercado financeiro

O mercado financeiro é o lugar onde todos nós, empresarios, estudantes, amas de casa, xubilados, é dicir, toda a cidadanía acode para utilizar certos instrumentos financeiros coma contas, tarxetas, préstamos, créditos... que nos ofrecen as institucións financeiras: caixas de aforro e bancos.

Polo tanto, o mercado financeiro é o lugar onde as empresas, as familias e o sector público demandamos diñeiro que as entidades financeiras nos ofrecen para poder satisfacer as nosas necesidades.

Que é un instrumento financeiro?

Un instrumento financeiro é un produto ou servizo ofrecido por unha entidade financeira para satisfacer as necesidades de financiamento ou investimento dos axentes económicos dunha sociedade. Deste xeito, dan circulación ao diñeiro xerado nuns sectores e trasládano a outros que o precisan e xeran riqueza.

- Partes intervinientes
 - **Prestamista.** É a entidade financeira que vai prestar o diñeiro a outras persoas e, a cambio, percibirá un beneficio en forma de xuros.
 - **Prestameiro.** É a persoa que vai depositar o seu diñeiro nunha entidade financeira e obtén unha rendibilidade a cambio.
- Tipo de xuro
 - É o prezo que ten o diñeiro, tanto se o pedimos prestado como se o depositamos en forma de aforro.

Entre os bancos e os seus clientes hai unha relación a través dun contrato duradeiro e vinculante cuxas condicións podemos pactar e mesmo reclamar se for preciso.

Dereitos e obrigas

Unha **conta bancaria** é un contrato entre unha entidade financeira e unha persoa, mediante a cal, a primeira custodia os depósitos de diñeiro á segunda; á vez que lle facilita a xestión e seguimento das súas operacións bancarias a cambio dunhas comisións e condicións pactadas.

Os principais **dereitos** e **obrigas** do titular dunha conta son os que se enumeran a continuación:

DEREITOS	OBRIGAS
Recibir o documento do contrato	Pagar puntualmente as comisións bancarias pactadas
Recibir a información necesaria para entender ben a operación ou produto ofrecido	No caso de descuberto, devolver os fondos xunto cos xuros e as comisións bancarias pactadas
Recibir os documentos de liquidación	Facilitar os datos que a entidade lle solicite para identificalo
Recibir a remuneración do depósito cos xuros pactados	Compensar saldos entre as distintas contas que poida ter un mesmo titular na entidade
<i>Dereitos e obrigas do titular dunha conta bancaria</i>	

Información e negociación

Á hora de contratar un produto bancario, hai que ter en conta que as comisións que nos aplican en cada banco poden ser diferentes. Isto fai que na práctica a xente adoite traballar cunha ou máis entidades financeiras.

Os factores clave á hora de contratar unha conta bancaria son as seguintes:

Comisións e gastos en xeral	Poden esixir saldos mínimos para non cobrar comisións.
Os custos do descuberto ou "números vermellos"	Comisións aplicadas a gastos por operacións específicas tales como domiciliacións, transferencias, traspasos, pagamento de impostos...
A facilidade e custo de dispor de tarxetas de débito e crédito	Custos que son propios da operativa da banca en liña.

Antes de contratar calquera produto nunha entidade financeira, o mellor é solicitar información sobre bancos diferentes e non precipitarse ao escoller.

A medida que contratamos novos produtos bancarios, atopámonos con que as ofertas de cada entidade financeira son moi dispares. O normal, cando non convencen unhas condicións pero si outras, é que os clientes traten de **negociar**. Cantos máis produtos se teñan contratados cunha entidade financeira, máis doado será negociar:

- boas condicións nas novas contratacións de produtos bancarios.
- melloras nas condicións dos que xa están contratados.

Reclamacións

Cando se dan desacordos entre as entidades financeiras e as persoas usuarias, estes últimos poden facer reclamacións. A principal forma de reclamación é o **Servizo de Atención ao Cliente** da propia entidade.

O **Servizo de Atención ao Cliente** é un departamento do propio banco que adoita gozar da autonomía suficiente como para decidir sobre conflitos entre a entidade e un cliente.

Procedemento para reclamar ante unha entidade financeira

■ PASO 1 Requisito obrigatorio

- Presentará unha reclamación ante o Servizo de Atención ao Cliente da entidade.



■ PASO 2

- Documentación necesaria para presentar reclamación ou queixa ante o Banco de España:
 - Deberá presentarse no documento oficial;
 - Identificación do interesado (nome e apelidos ou denominación social, enderezo aos efectos de notificacións e DNI);
 - Entidade ou entidades contra as cales reclama e as oficinas implicadas;
 - Motivo da reclamación;
 - Acreditación do cumprimento do trámite previo ante o Servizo de Atención ao Cliente da entidade financeira;
 - Lugar, data e sinatura orixinal;
 - Debéra achegar a fotocopia da documentación acreditativa dos feitos reclamados.

■ PASO 3

- Presentación da reclamación ou queixa:
 - *Vía telemática.* A través da ligazón "Oficina Virtual de Reclamacións" , dispoñible no apartado "Tramitación" da oficina virtual do Banco de España. A persoa interesada deberá posuír un certificado dixital válido e aceptado polo Banco de España. O formulario está dispoñible no apartado "Tramitación" na seguinte ligazón:
https://sedeelectronica.bde.es/sede/es/menu/ciudadanos/Reclamaciones_2e85b7714582d21.html.
 - *Por escrito.* Presentación física do formulario de reclamacións no Rexistro Xeral do Banco de España ou ben envíalo por correo ao Banco de España. O formulario aparece na seguinte ligazón:
http://www.bde.es/clientebanca/es/areas/quejas/reclamaciones/Por_escrito_0e984c4d2bdc351.html

Conellos para os consumidores na súa relación coas entidades financeiras

- Asegurarse de que as entidades ás que entrega os seus aforros están autorizadas para facelo. Para isto é conveniente consultar os Rexistros oficiais do Banco de España e da Comisión Nacional do Mercado de Valores.
- As entidades non rexistradas nestes organismos non están suxeitas a ningún tipo de supervisión que vixíe a súa solvencia e a transparencia da súa operativa.
- Sexa prudente ante posibles ofertas que lle permitan obter unha alta rendibilidade nun período curto de tempo. Un investimento sempre supón un risco. Esixa que lle expliquen todas as condicións.
- Comprobe sempre que o produto existe.
- Coñeza todas as posibilidades de poder cancelar a operación no momento que considere oportuno e que recibe a información dos custos e procedementos para facelo.
- Examine con atención todas as cláusulas do contrato.

Actividade resolta

Antonio necesita diñeiro pois quere mercar un coche para ir traballar. O coche que está mirando é de segunda man e ten un prezo de 3.000 €. Non dispón dos cartos, polo que terá que recorrer ó financiamento. Realiza un contrato de préstamo co Banco "A" no que se compromete a cumprir as seguintes cláusulas: prazo de devolución de 3 anos e un tipo de xuro do 5%.

Indique:

- Que cantidade terá que devolver Antonio?
- Quen é o prestamista e quen o prestameiro?

Antonio terá que devolver ao Banco "A" o importe financiado de 3.000 € máis o 5% de xuros.

O prestamista é o Banco "A" xa que é a entidade que presta o diñeiro e polo cal obtén un beneficio a cambio.

O prestameiro é Antonio, que recibe o diñeiro do Banco "A" e isto supónlle un custo do 5%. Antonio non podería mercar o coche sen o financiamento.

Actividades propostas

S12. Ana e Luis queren mercar unha vivenda en Pontevedra. Eles teñen aforrados 45.000 €, pero precisan 100.000 € para adquirila. Acudiron a varias entidades financeiras para comparar as condicións que lles ofrecía cada unha delas, pero finalmente decidiron facer o contrato coa entidade financeira Pontevedra. As cláusulas que asinaron no contrato de préstamo foron as seguintes: o compromiso de devólvelo en 15 anos e a un tipo de xuro do 3% anual. Indique a cantidade concedida pola entidade financeira a Ana e Luis. Tamén debe sinalar cal será o custo que lles supón este financiamento. Enumere algún consello que lles daría á hora de asinar o contrato coa entidade financeira.

--

S13. Encha os ocos que hai nas seguintes afirmacións coas palabras que considere correctas:

1. Un _____ é un produto ou servizo que ofrece unha entidade financeira.
2. O _____ é o prezo que ten o diñeiro.
3. Cando se dan _____ entre as entidades financeiras e os usuarios bancarios, estes últimos poden facer _____.
4. Unha obriga do titular dunha conta bancaria é devolver os fondos, no caso de descuberto, xunto cos _____ e _____ pactadas.
5. Un _____ sempre supón un risco.
6. O mercado financeiro é o lugar onde as persoas _____ diñeiro e as entidades financeiras o _____.

S14. Defina brevemente os seguintes conceptos:

▪ Servizo de Atención ao cliente	
▪ Mercado financeiro	
▪ Tipo de xuro	

S15. Paula quere presentar unha reclamación ante o seu banco por cobrarlle unhas comisións indebidas pero non sabe como facelo.

Indíquelle a Paula os pasos que debe seguir para presentar esa reclamación de forma eficiente.

2.3 O contrato de seguro

O **seguro** é un contrato mediante o cal, a cambio do pagamento dunha prima anual, un asegurador se compromete, no caso de que se produza un sinistro, a indemnizar un terceiro.

O risco está presente na vida das persoas, tanto no ámbito persoal como no profesional. Para protexernos fronte a eses riscos temos que contratar un seguro cunha **compañía aseguradora**.


Terminoloxía propia dos seguros

▪ Prima	É o prezo do seguro.
▪ Póliza	É o documento onde figuran as condicións do contrato.
▪ Asegurador	É a compañía de seguros.
▪ Asegurado	É a persoa exposta ao risco previsto no seguro. Este risco pode recaer sobre a propia persoa, os seus bens ou o seu patrimonio.
▪ Tomador	É a persoa que contrata o seguro e paga a prima.
▪ Beneficiario	É a persoa que recibe a contraprestación pactada co contrato.
▪ Suma asegurada	É o límite máximo da indemnización que debe pagar no caso de que produza a continxencia ou o sinistro.
▪ Sinistro ou continxencia	É o evento previsto na póliza que dá lugar ao cumprimento das obrigas do asegurador.
▪ Cobertura	É o risco cuberto.

Figuras que interveñen no contrato do seguro

Existen catro figuras que interveñen no contrato do seguro, aínda que o tomador, o asegurado e o beneficiario poden ser a mesma persoa.

CONTRATO DO SEGURO			
Tomador	Asegurador	Beneficiario	Asegurado
Figuras que interveñen no contrato do seguro, aínda que o tomador, o asegurado e o beneficiario poden ser a mesma persoa.			




Clasificamos os seguros en dous grandes bloques:

- **Seguros de persoas:** cobren os riscos que poidan afectar á existencia, integridade ou saúde das persoas.
 - **Seguros de vida:** Son os contratos máis habituais dentro desta modalidade. O asegurador (a compañía aseguradora) obrígase, no caso de falecemento da persoa asegurada, a pagar ao beneficiario/a a cantidade de diñeiro pactada.
 - **Outros seguros de persoas:** Cobren os gastos derivados de determinadas circunstancias que afectan ao estado de saúde da persoa asegurada, como enfermidades, accidentes etc. Por exemplo, gastos de asistencia sanitaria, gastos por servizos funerarios.
- **Seguros contra danos:** Son os que recaen sobre os bens e sobre o patrimonio das persoas.
 - **Seguro do fogar:** cobre os danos materiais no fogar, como os desperfectos orixinados pola auga ou un incendio, entre outros. Tamén cobren a responsabilidade civil orixinada por danos ou lesións que se poidan causar a outras persoas ou aos seus bens dende a vivenda do asegurado, como por exemplo, a caída dun obxecto dende unha xanela, deixar unha billa aberta que asolaque un piso inferior, ...
 - **Seguro obrigatorio de vehículos de motor:** Este seguro cobre os danos causados polo condutor a outras persoas independentemente de quen sexa o propietario.
 - **Seguro de responsabilidade civil:** Este seguro protexe o patrimonio das persoas pola responsabilidade que puidese derivarse por danos e perdas a terceiras persoas.

Actividade resolta

Una con frechas os termos dunha columna cos da outra.



Actividades propostas

S16. En que se diferencia o seguro de responsabilidade civil do seguro do fogar?

--

S17. Que tipo de seguro contrataría se quixer que o seu patrimonio non se vise afectado polo seguintes gastos?

- Gastos médicos causados por una pneumonía.
- Invalidez por un accidente de coche.
- Responsabilidade sobrevinda ao caer un testó do balcón da nosa casa.
- Responsabilidade ao causar un accidente por atravesar a rúa por un lugar non axeitado.

S18. Marcos contratou un seguro de vida coa aseguradora Mutua Segura para a súa muller Carmen para que, no caso de falecemento, os seus fillos Serxio e Xan cobren 25.000 € cada un.

- Identifique o asegurado, o asegurador, o tomador e o beneficiario deste contrato de seguro.

S19. A pasada semana houbo un accidente de tráfico na autoestrada dirección a Madrid. O coche que o causou foi declarado sinistro total. Dous coches máis sufriron graves desperfectos e a condutora dun deles estivo hospitalizada 70 días. A quen indemnizará o seguro obrigatorio para vehículos de motor?

S20. Defina os seguintes conceptos:

▪ Póliza de seguro	
▪ Prima	
▪ Cobertura	
▪ Sinistro	
▪ Asegurado	

S21. Verdadeiro ou falso

	Verdadeiro (V) / Falso (F)
▪ A persoa que contrata o seguro e paga a súa prima é o asegurador.	
▪ O beneficiario é a persoa que percibe a contraprestación pactada.	
▪ Os seguros de vida son aqueles que recaen sobre os bens e o patrimonio das persoas.	
▪ A responsabilidade civil é a obriga que recae sobre unha persoa de reparar os danos que lle causou a outra.	

S22. Complete as seguintes frases coas palabras que aparecen na caixa, pero teña en conta que sobran dúas delas:

Pagamento aprazado, pasarela de pagamento, número secreto das tarxetas, tarxetas bancarias, tarxetas virtuais, tarxeta de crédito

- A _____ é un servizo que prestan certas empresas como intermediarias de pagamento entre un cliente e un comercio.
- É recomendable memorizar o _____ e non deixar unha copia escrita deste.
- Cota flexible que permite o _____ mediante unha cota como se se tratase dun préstamo.
- Utilizar unha _____ ten as mesmas consecuencias que dispor de calquera outro crédito ou modalidade de financiamento.

S23. Busque na seguinte sopa de letras seis palabras relacionadas co tema.

D	I	Ñ	E	I	R	O	P	Q	A	C	R	U
0	I	K	L	L	V	B	N	M	C	E	C	A
S	M	F	G	P	A	E	A	A	H	D	H	M
E	D	A	E	R	O	R	J	L	E	M	E	I
G	O	M	I	F	F	L	O	I	Q	N	Q	O
U	T	E	X	X	O	C	I	E	U	O	U	G
R	S	D	S	U	I	O	E	Z	U	P	E	D
O	T	I	B	E	D	T	R	U	A	Ñ	S	E
I	L	E	I	R	A	D	E	L	A	X	O	L
O	P	S	I	N	I	S	T	R	O	X	I	P
S	E	T	C	R	O	P	R	I	M	A	R	I

S24. Coas palabras atopadas na sopa de letras anterior, faga unha frase con cada unha delas.


S25. Encrucillado

Horizontais

1. Depósitos bancarios onde se centralizan as operacións básicas e diarias.
4. Medios de pagamento en soporte de plástico emitidos por unha entidade financeira.
5. Diñeiro que é legal e bancario.
9. Operacións nas entidades financeiras a través de Internet.
11. Tarxetas que serven unicamente para mercar en Internet.

Verticais

5. Persoa que contrata un seguro.
8. Persoa que percibe a contraprestación pactada no contrato de seguro.
12. Seguro que cobre os danos materiais no fogar e a responsabilidade civil orixinada por estes.



3. Resumo de contidos

Actualmente, podemos entregar moedas e billetes a cambio de calquera ben que desexemos mercar, deste xeito os mercados funcionan con axilidade. Tamén podemos usar o diñeiro para comparar o valor das cousas e para aforrar de cara ao futuro.

Cómpre destacar que hoxe en día existen formas distintas de diñeiro, como as tarxetas bancarias, que cada vez son máis utilizadas pola súa comodidade e seguridade.

O diñeiro

É o medio de cambio xeralmente aceptado por todos.

- As súas funcións son:
 - **Medio de cambio**, de bens e servizos
 - **Depósito de valor**, de cara ao aforro para o futuro
 - **Unidade de conta común**, que nos permite medir o valor das cousas.
 - **Patrón de pagamento diferido**, os pagamentos aprazados exprésanse en diñeiro.
- A evolución do diñeiro:
 - Troco: é o intercambio dun ben por outro.
 - Bens convertidos en instrumentos xerais de cambio: cunchas, gando, sal ou metais.
 - Metais preciosos como medio de cambio: ouro, prata ou cobre.
 - Acuñación de moeda
 - Papel moeda
- Tipos de diñeiro:
 - Diñeiro fiduciario
 - **Diñeiro legal**: moedas e billetes que están en circulación.
 - **Diñeiro bancario**: diñeiro que está depositado no banco.
- As contas bancarias
 - Depósitos á vista: conta corrente ou de aforro que ten dispoñibilidade inmediata.
 - Depósitos a prazo fixo: depósitos cuxo titular se compromete a mantelos durante un período de tempo determinado a cambio de percibir xuros.

- As tarxetas

As tarxetas son medios de pagamento en soporte de plástico emitidas por unha entidade financeira (**tarxetas bancarias**) ou por un comercio (**tarxetas non bancarias**).

- **Tarxetas bancarias**, poden utilizarse para realizar compras ou ben para facer retiradas de diñeiro dos caixeiros automáticos.
 - **Tarxetas de débito**: pagar con ela é como utilizar o diñeiro da conta, xa que nos cargan inmediatamente o importe na conta bancaria.
 - **Tarxetas de crédito**: pagar con ela supón un aprazamento do pagamento sen necesidade de dispor de diñeiro na conta no momento de facer a operación. Polo tanto, ten as mesmas consecuencias que dispor de calquera outro tipo de crédito. Existen dúas posibilidades de pagamento:
 - Pago mensual pola totalidade: os gastos realizados cada mes páganselle á conta bancaria o primeiro día do mes posterior.
 - Pago aprazado: é unha cota flexible que permite aprazar o pagamento mediante unha cota coma se fose un préstamo.
 - **Tarxetas moedeiro**: permiten realizar pagamentos ata un límite previamente pactado tras ingresar o diñeiro.
- **Tarxetas virtuais**: son unha variante das tarxetas moedeiro que serven exclusivamente para mercar en Internet.
- **Tarxetas non bancarias**, son aquelas que serven para mercar nos establecementos comerciais que as emiten.
- **Elementos característicos das tarxetas bancarias**:
 - Anverso
 - Chip de seguridade
 - Nome da entidade financeira
 - Nome do titular
 - Data de caducidade
 - Número de conta
 - Reverso
 - Banda magnética
 - Código de verificación

- **Seguridade nas tarxetas:** como usuarios de tarxetas debemos seguir unha serie de consellos de utilización.
 - En comercios: debemos ter precaución co terminal de pagamento.
 - En Internet:
 - Comprobar que operamos nun sitio seguro e da autenticidade do comercio.
 - Imprimiremos os xustificantes de pagamento.
 - Cando utilicemos tarxetas virtuais.
 - Recoméndase utilizar pasarelas de pagamento.
 - Teléfono da entidade financeira: sempre o debemos de levar á man.
 - Número secreto das tarxetas: é conveniente memorizalo.
 - Recibos das tarxetas: conservalos como comprobante e, unha vez que os temos revisados é aconsellable destruílos.
- **A banca en liña:** operacións coas entidades financeiras a través de Internet, é recomendable pola comodidade do seu uso, do aforro de tempo, con acceso as 24 horas do día, entre outras; pero tamén debemos ser conscientes dos perigos propios do mundo informático. Deste xeito, sempre se deberán seguir unhas boas prácticas de uso para evitar calquera tipo de fraude.

O mercado financeiro

É o lugar onde as familias, as empresas e o sector público demandamos diñeiro ás entidades financeiras que o ofrecen.

- **Que é un instrumento financeiro?** É un produto ou servizo ofrecido por unha entidade financeira.
- **Partes que interveñen**
 - O prestamista é a entidade financeira que vai a prestar o diñeiro polo cal obterá un beneficio en forma de xuros.
 - O prestatario é a persoa que recibe o diñeiro polo que paga xuros.
- **Xuros.** É o prezo do diñeiro.
- **Dereitos e obrigas do titular dunha conta bancaria**
 - Dereitos
 - recibir o documento do contrato
 - recibir a información necesaria sobre o contrato
 - recibir os documentos de liquidación
 - recibir a remuneración dos xuros pactados

- Obrigas
 - pagar puntualmente as comisións bancarias que foron pactadas.
 - no caso de descuberto na conta, aboar as cantidades e os xuros que correspondan.
 - facilitar os datos de identificación que a entidade bancaria lle solicite.
 - compensar os saldos entre as diferentes contas que teña o mesmo titular na entidade.
- **Información e negociación**
 - Información que debemos coñecer á hora de contratar unha conta bancaria:
 - as comisións e gastos en xeral
 - os custos do descuberto na conta
 - o custo de dispor de tarxetas de débito e crédito
 - Negociación cando se contrata un novo produto bancario:
 - as condicións dos novos produtos han de ser boas.
 - melloras nas condicións dos que xa están contratados.
- **Reclamacións:** cando existen desacordos entre o cliente e a entidade financeira. As reclamacións deberán presentarse ante o Servizo de Atención ao Cliente da propia entidade financeira.
- **Procedemento de reclamación**
 - Debe presentar a reclamación ante o Servizo de Atención ao Cliente da propia entidade financeira.
 - Cómpre achegar a documentación necesaria para presentar a reclamación ante o Banco de España.
 - Formulario tipo da reclamación
 - Datos identificativos do reclamante
 - Entidade ou entidades contra as que se pon a reclamación.
 - Fotocopia da documentación acreditativa da reclamación presentada ante o Servizo de Atención ao Cliente da entidade financeira
 - Presentación da reclamación vía telemática ou por escrito
- **Consellos para os consumidores na súa relación coas entidades financeiras**
 - Asegúrese de que as entidades están autorizadas para captar o seus aforros.
 - Sexa prudente ante posibles ofertas que lle permiten obter unha alta rendibilidade.
 - Comprobe sempre que o produto existe.

- Coñeza todas as posibilidades de cancelar a operación cos custos e comisións que iso supón.
- Examine con atención as cláusulas do contrato.

O contrato de seguro

O seguro é un contrato mediante o cal, pagando unha prima, un asegurador se compromete a indemnizar un terceiro, no caso de que haxa un sinistro.

As figuras que interveñen nun seguro son as catro seguintes:

- **Tomador:** é quen contrata o seguro.
- **Asegurador:** é a compañía de seguros.
- **Beneficiario:** persoa que recibe a contraprestación pactada no contrato.
- **Asegurado:** persoa exposta ao risco previsto no seguro. Este risco pode recaer sobre a propia persoa, os seus bens ou o seu patrimonio.

Os seguros clasifícanse nos dous seguintes bloques:

- **Seguros de persoas.** Son os que recaen sobre as persoas.
 - **Seguros de vida:** contrátanse para diminuír o impacto económico de certos acontecementos sobre a vida das persoas.
 - **Outros:** cobren os gastos que se derivan de certas circunstancias que afectan á integridade corporal ou ao estado da saúde.
 - de accidentes
 - de enfermidade
 - de asistencia sanitaria
 - de decesos
- **Seguros contra danos.** Son os que recaen sobre os bens e o patrimonio das persoas.
 - **Seguro do fogar:** cobre os danos materiais no fogar e a responsabilidade civil orixinada por danos ou lesións que se poidan causar a outras persoas ou aos seus bens dende a vivenda do asegurado.
 - **Seguro obrigatorio de vehículos de motor:** cobre os danos causados polo condutor a terceiros.
 - **Seguro de responsabilidade civil:** protexe o patrimonio das persoas pola responsabilidade que puidese derivarse por danos e perdas a terceiros.

4. Actividades complementarias

Propóñense as seguintes actividades complementarias

S26. Complete o glosario que aparece no punto 8.

- O traballo desenvolverase na aula en grupos de dúas persoas.
- Cada grupo deberá buscar 10 novos termos para incorporar ao glosario facendo uso das novas tecnoloxías, xornais ou libros de texto. Deberán expor a súa tarefa diante dos outros grupos para evitar que se repitan os mesmos.

--

S27. Entre na seguinte ligazón do Banco de España <http://www.bde.es/bde/es/> e busque a información que aparece detallada na táboa.

▪ Que son os sistemas de pagamento?	
▪ Busque a definición de apuntamento no glosario dos sistemas de pagamento.	
▪ En que data se puxo o euro en circulación? Quen decide o volume de billetes que se emiten cada ano?	
▪ Enumere cinco servizos que ofrece o BCE.	

S28. A continuación, na mesma ligazón que na actividade anterior, entre no Portal educativo (columna á esquerda) e en Educación Primaria e Secundaria e prema na ligazón "La escuela del euro". Aquí terá que descubrir cales son os elementos de seguridade dos billetes de euro.

	
Billetes de euro	

S29. Todo propietario dun vehículo de motor está obrigado a contratar e manter en vigor un seguro que cubra a responsabilidade civil na que poida incorrer o condutor como consecuencia dun feito na circulación. O incumprimento debe estar sancionado administrativamente cunha multa.

- Quen é o asegurado e quen o tomador do seguro do vehículo?
- Quen é o responsable no caso de que se produzan danos a terceiras persoas? E danos materiais?
- Como poden ser este tipo de seguros?
- Enumere algunha cobertura voluntaria do seguro de responsabilidade civil.

5. Exercicios de autoavaliación

1. Se non quero que me rouben por Internet:

- ☐ Debo comprobar que opero nun sitio seguro.
- ☐ Debo imprimir os xustificantes de pagamento da tenda virtual.
- ☐ Sempre que poida, debo utilizar pasarelas de pagamento.
- ☐ Todo o anterior é correcto.

2. A tarxeta virtual:

- ☐ Como o seu nome indica, non existe fisicamente.
- ☐ Úsase para grandes supermercados.
- ☐ Pódese ver con gafas 3D.
- ☐ Non ten límite de diñeiro.

3. O diñeiro que aparece na túa conta bancaria cando miras o teu saldo é:

- ☐ Un investimento.
- ☐ Diñeiro bancario.
- ☐ Diñeiro legal.
- ☐ Todas son falsas.

4. Se estou desconforme co proceder do meu banco, podo reclamar:

- ☐ No Servizo de Atención ao cliente.
- ☐ No Ministerio de Defensa do Consumidor.
- ☐ No Consello de Administración do banco.
- ☐ No Ministerio de Asuntos Legais.

5. Un seguro:

- ☐ É moi rendible.
- ☐ É o documento onde figuran as condicións do contrato.
- ☐ Permite protexernos fronte ás consecuencias de riscos potenciais.
- ☐ É unha forma de investimento.

6. O risco cuberto é:

- ☐ A cobertura
- ☐ A póliza
- ☐ A suma asegurada
- ☐ A continxencia

7. Os billetes e moedas de curso legal son:

- ☐ O diñeiro bancario.
- ☐ Os depósitos á vista.
- ☐ O diñeiro legal.
- ☐ Todas as anteriores son correctas.

8. Cal das seguintes non é unha vantaxe dos depósitos á vista?

- ☐ Liquidez total.
- ☐ Comisións por administración e mantemento.
- ☐ Utilización de caixeiros.
- ☐ Información detallada dos movementos.

9. As tarxetas bancarias:

- ☐ Utilizan os fondos depositados nunha conta bancaria.
- ☐ Poden ser de varios tipos.
- ☐ Son cómodas para facer pagamentos.
- ☐ Todas as anteriores son correctas.

10. Utilizar unha tarxeta de crédito ten as mesmas consecuencias que:

- ☐ utilizar unha tarxeta de débito.
- ☐ utilizar unha tarxeta non bancaria.
- ☐ dispor de calquera outro crédito ou modalidade de financiamento.
- ☐ todas as anteriores non son correctas.

11. Á hora de facer unha reclamación ante unha entidade financeira, que pasos se deben seguir?

- ☐ Cómpre presentar o formulario de reclamación ante o Banco de España pola vía telemática ou por escrito.
- ☐ É preciso presentar a reclamación ante o Servizo de Atención ao Cliente da propia entidade financeira. Tamén temos que presentar o formulario de reclamación ante o banco de España coa documentación precisa pola vía telemática ou por escrito.
- ☐ Non se poden facer reclamacións ante unha entidade financeira.
- ☐ Debemos ter unha autorización da persoa que nos abriu a conta no momento preciso.

12. O mercado financeiro é aquel onde:

- ☐ Se intercambia diñeiro e produtos financeiros entre as entidades financeiras (oferentes) e os axentes económicos (demandantes) .
- ☐ Se intercambia diñeiro e produtos financeiros entre as entidades financeiras (demandantes) e os axentes económicos (oferentes) .
- ☐ Se cobran xuros e comisións por calquera operación financeira.
- ☐ Se tramitan todo tipo de contratos.

13. É unha obriga do titular dunha conta:

- ☐ Recibir a información necesaria do produto ofrecido.
- ☐ Recibir o documento do contrato.
- ☐ Facilitar os datos que a entidade lle solicite para poder identificalo.
- ☐ Todas son correctas.

14. Que é un instrumento financeiro?

- ☐ É unha ferramenta que utilizan os bancos para rebaixar as comisións nas operacións.
- ☐ É unha ferramenta que utilizan as caixas para equilibrar o saldo das contas dos seus clientes.
- ☐ É a forma coa que os bancos e as caixas abaratan os xuros dos préstamos e liñas de crédito.
- ☐ É un produto ou servizo ofrecido polas entidades financeiras.

15. As entidades financeiras son:

- ☐ Prestatarias.
- ☐ Prestamistas.
- ☐ As dúas son correctas.
- ☐ As dúas son falsas.

6. Solucionario

6.1 Solucións das actividades propostas


S1. *Que prestacións ofrece a tarxeta de crédito fronte á tarxeta de débito?*

A tarxeta de crédito permite realizar pagamentos ou obter diñeiro, ata un límite fixado, sen necesidade de ter fondos na conta bancaria nese momento, mentres que a tarxeta de débito se utiliza coma o diñeiro da conta, facendo o cargo ao momento da súa utilización.

S2. *Por que as tarxetas moedeiro e virtuais son as máis seguras?*

As tarxetas moedeiro e as tarxetas virtuais son as máis seguras porque no caso de roubo, ninguén pode superar o límite establecido.

S3. *Identifica os elementos que ves na seguinte tarxeta de crédito:*



- S4. *Sinale se as características seguintes lles corresponden ás tarxetas de crédito, débito ou a ambas as dúas.*

	Débito	Crédito
▪ Ten gastos de mantemento.	X	X
▪ É válida para facer compras en diferentes comercios.	X	X
▪ É posible aprazar o pagamento das compras.		X
▪ Ten xuros altos no caso de non pagar a fin de mes.		X
▪ É válida para facer compras a través de Internet.	X	

- S5. *Complete as frases coas palabras axeitadas:*

- *Utilizar unha tarxeta de crédito ten as mesmas consecuencias que dispor de calquera outro crédito ou modalidade de financiamento: estamos obrigados a devolver o diñeiro e a pagar os xuros establecidos.*
- *As tarxetas máis seguras de todas son as moedeiro e as virtuais, xa que no caso de roubo, ninguén pode superar o límite.*
- *As tarxetas bancarias emíteen unha entidade financeira. Poden utilizarse para realizar compras ou retirar diñeiro dos caixeiros automáticos.*
- *As tarxetas non bancarias, emítenas os establecementos comerciais.*

- S6. *Cal é a función dos bancos e as caixas de aforro no mercado do diñeiro?*

A función dos bancos e caixas de aforro no mercado do diñeiro é captar o diñeiro dos aforradores para canalizárllelo ás familias, ás empresas e ao Sector Público, en forma de préstamos a cambio de xuros.

- S7. *Cal é o principal inconveniente da banca en liña?*

Os principais inconvenientes da banca en liña son os perigos propios do mundo informático, tales como estafas. A vulnerabilidade de Internet requiriu reforzar a seguridade e extremar a precaución con claves de reforzo.

- S8. *Defina brevemente:*

▪ Cheque	▪ <i>Orde de pagamento ao banco para que entregue unha cantidade especificada de diñeiro a quen se indique.</i>
▪ Libreta bancaria	▪ <i>Pequeno caderno expedido polas entidades financeiras no que se anotan os movementos de diñeiro efectuados nunha conta asociada.</i>
▪ Comisións bancarias	▪ <i>Cantidades que cobra a entidade financeira polo desenvolvemento de transaccións, emisión de documentos, transferencias, titularidade dunha conta etc.</i>
▪ IBAN	▪ <i>Estándar internacional de 24 díxitos que incorpora 2 díxitos do país e outros 2 de control, que substitúe ao CCC (Código Conta Cliente).</i>

S9. *Relacione cada unha destas características cun depósito á vista ou un depósito a prazo fixo:*

▪ Pódese dispor do diñeiro mediante cheques ou libretas de aforro.	▪ Depósito á vista
▪ Existe unha penalización por dispor do diñeiro antes do tempo pactado.	▪ Depósito a prazo fixo
▪ Existe unha variedade sen comisións para menores de 25 anos.	▪ Depósito á vista
▪ Non funciona con "soporte operativo" das operacións bancarias.	▪ Depósito a prazo fixo
▪ É posible a retirada de diñeiro dende os caixeiros automáticos.	▪ Depósito á vista
▪ Son as contas bancarias que xeran máis xuros.	▪ Depósito a prazo fixo

S10. *Ao longo do mes de abril, Marta tivo os seguintes movementos na súa conta de aforro:*

INGRESOS	GASTOS
Transferencia ao seu favor 450,00 €	Retirada do caixeiro 75,00 €
Ingreso en efectivo 128,00 €	Recibo da librería 42,25 €
Xuros ao seu favor 3,28 €	Recibo da luz 49,95 €
	Farmacia 12,90 €

- *Confeccione un extracto bancario parecido ao da actividade resolta e rexistre nel os movementos correspondentes ás operacións anteriores.*
- *A canto ascendía o seu saldo inicial se o saldo final é de 450,25 €?*

Nº CONTA CORRENTE: 0001 0002 99 0003 004 005		ESTADO DA CONTA CORRENTE O 30/04		
IBAN: ES00 0001 0002 99 0003 004 005		SALDO ANTERIOR 49,07 €		
Data	Data Valor	Concepto	Importe	Saldo posterior
01/04	01/04	Transferencia ao seu favor	450,00 €	499,07 €
03/04	03/04	Recibo librería	- 42,25 €	456,82 €
07/04	07/04	Ingreso en efectivo	128,00 €	584,82 €
10/04	10/04	Xuros ao seu favor	3,28 €	588,10 €
11/04	11/04	Retirada caixeiro	- 75,00 €	513,10 €
15/04	15/04	Farmacia	- 12,90 €	513,10 €
21/04	21/04	Recibo luz	- 49,95 €	500,20 €
			SALDO	450,25 €
O saldo inicial ascendía a:				
$450,25 + 49,95 + 12,90 + 75,00 - 3,28 - 128,00 + 42,25 - 450,00 = 49,07 \text{ €}.$				

S11. *Carmen ten contratada a banca en liña coa súa conta bancaria. Ela ignora todas as mensaxes que recibe no seu correo electrónico para requirirlle información persoal. Como número de clave de acceso á súa conta utiliza os nove díxitos do seu número de teléfono. Ás veces, accede dende o seu móbil, que require un patrón de desbloqueo para operar con el. Ela nunca saca da casa a tarxeta de claves, salvo cando sae de viaxe. Tena gardada nun caixón xunto ao ordenador. Sempre realliza as operacións co banco dende o ordenador da súa casa. O ordenador ten instalado un sistema operativo pirata, polo que ten moitas actualizacións pendentes. O que si ten ao día son os sistemas antivirus e anti-spyware.*

- *Cre que Carmen poderá mellorar algúns dos anteriores aspectos para aumentar a seguridade coa que opera a través da banca en liña?*

- *Cambie a clave de acceso por outra que non sexa o número de teléfono.*
- *Leve ben gardada a tarxeta de claves cando saia de viaxe e evite que lla vexan terceiras persoas.*
- *A tarxeta de claves debe estar gardada nun sitio máis seguro que nun caixón xunto ao ordenador, por ser de doado acceso para calquera*
- *Instale un sistema operativo orixinal para ter todas as actualizacións ao día.*

S12. *Ana e Luis queren mercar unha vivenda en Pontevedra. Eles teñen aforrados 45.000 €, pero precisan 100.000 € para adquirila. Acudiron a varias entidades financeiras para comparar as condicións que lles ofrecía cada unha delas, pero finalmente decidiron facer o contrato coa entidade financeira Pontevedra. As cláusulas que asinaron no contrato de préstamo foron as seguintes: o compromiso de devólvelo en 15 anos e a un tipo de xuro do 3% anual. Indique a cantidade concedida pola entidade financeira a Ana e Luis. Tamén debe sinalar cal será o custo que lles supón este financiamento. Enumere algún consello que lles daría á hora de asinar o contrato coa entidade financeira.*

A cantidade concedida pola entidade financeira é de $100.000\text{ €} - 45.000\text{ €} = 55.000\text{ €}$.

O custo que lles supón este financiamento é do 3% anual en concepto de xuros.

Consellos:

Lea atentamente todas as cláusulas do contrato.

Solicite información á entidade financeira de todos aqueles aspectos que considere relevantes. É importante coñecer cales son os custos dunha cancelación anticipada.

S13. Encha os ocos que hai nas seguintes afirmacións coas palabras que considere correctas:

1. Un instrumento financeiro é un produto ou servizo que ofrece unha entidade financeira.
2. O xuro é o prezo que ten o diñeiro.
3. Cando se dan desacordos entre as entidades financeiras e os usuarios bancarios, estes últimos poden facer reclamacións .
4. Unha obriga do titular dunha conta bancaria é devolver os fondos, no caso de descuberto, xunto cos xuros e comisións pactadas.
5. Un investimento sempre supón un risco.
6. O mercado financeiro é o lugar onde as persoas demandan diñeiro e as entidades financeiras o ofrecen.

S14. Defina brevemente os seguintes conceptos:

▪ Servizo de Atención ao cliente	▪ É un departamento da propia entidade financeira que decide sobre os posibles conflitos que xurdan entre o cliente e a devandita entidade.
▪ Mercado financeiro	▪ É o lugar onde se intercambia diñeiro a cambio dun prezo (tipo de xuro) entre demandantes (familias, empresas e Sector público) e os oferentes (entidades financeiras).
▪ Tipo de xuro	▪ Prezo do diñeiro, tanto de pedilo prestado como de depositalo na entidade financeira.

S15. Paula quere presentar unha reclamación ante o seu banco por cobrarlle unhas comisións indebidas pero non sabe como facelo.

Indíquelle a Paula os pasos que debe seguir para presentar esa reclamación de forma eficiente.

En primeiro lugar, deberá presentar unha reclamación ante o Servizo de Atención ao Cliente da entidade financeira.

En segundo lugar, cómpre achegar toda a documentación necesaria para presentar a queixa ante o Banco de España. Precisarás presentar o formulario de tramitación dispoñible na páxina do Banco de España.

A documentación que debe achegar será a seguinte:

- Datos identificativos da persoa que presenta a reclamación;
- Entidade ou entidades contra as que reclama;
- Motivo concreto da reclamación ou queixa;
- Acreditación do cumprimento do trámite da reclamación presentada ante o Servizo de Atención ao Cliente da entidade financeira;
- Lugar, data e sinatura orixinal;
- Fotocopia da documentación acreditativa dos feitos reclamados.

En terceiro lugar, pode presentar a reclamación ou queixa pola vía telemática ou por escrito.

S16. En que se diferencia o seguro de responsabilidade civil do seguro do fogar?

O seguro de responsabilidade civil protexe o patrimonio das persoas pola responsabilidade que puidese derivarse por danos e perdas a terceiros, mentres que o seguro do fogar cobre danos materiais no fogar e a responsabilidade civil causada polos danos ou lesións causadas a outras persoas en bens dende a vivenda da persoa asegurada.

S17. *Que tipo de seguro contratarías se quixeses que o teu patrimonio non se vise afectado polos seguintes gastos:*

▪ Gastos médicos por unha pneumonía.	▪ Seguro de persoas. Seguro de enfermidade
▪ Invalidez por un accidente de coche.	▪ Seguro de persoas. Seguro de accidentes
▪ Responsabilidade sobrevinda ao caer un testó do balcón da nosa casa.	▪ Seguro contra danos. Seguro do fogar
▪ Responsabilidade ao causar un accidente por atravesar a rúa por un lugar non axeitado.	▪ Seguro contra danos. Seguro obrigatorio de vehículos de motor

S18. *Marcos contratou un seguro de vida coa aseguradora Mutua Segura para a súa muller Carme para que, no caso de falecemento, os seus fillos Serxio e Xan cobren 25.000 € cada un.*

- Identifique o asegurado, o asegurador, o tomador e o beneficiario deste contrato de seguro.

ASEGURADO	ASEGURADOR	TOMADOR	BENEFICIARIO
Carme	Mutua Segura	Marcos	Serxio e Xan

S19. *A pasada semana houbo un accidente de tráfico na autoestrada dirección a Madrid. O coche que o causou foi declarado sinistro total. Dous coches máis sufriron graves desperfectos e a condutora dun deles estivo hospitalizada 70 días. A quen indemnizará o seguro obrigatorio para vehículos de motor?*

O seguro obrigatorio para vehículos de motor cobre os danos causados polo condutor a terceiros, polo tanto, aos propietarios dos dous coches, polos danos causados nos vehículos e á condutora dun deles que estivo hospitalizada 70 días.

S20. *Defina os seguintes conceptos:*

▪ PÓLIZA	▪ Documento no que figuran as condicións do contrato.
▪ PRIMA	▪ Prezo do seguro.
▪ COBERTURA	▪ É o risco cuberto .
▪ SINISTRO	▪ Evento previsto na póliza que dá lugar ao cumprimento das obrigas do asegurado.
▪ ASEGURADO	▪ Persoa exposta ao risco previsto no futuro. O risco pode recaer sobre a persoa, os seus bens e o seu patrimonio.

S21. *Verdadeiro ou Falso:*


	Verdadeiro (V) / Falso (F)
▪ A persoa que contrata o seguro e paga a súa prima é o asegurador.	Falso
▪ O beneficiario é a persoa que percibe a contraprestación pactada.	Verdadeiro
▪ Os seguros de vida son aqueles que recaen sobre os bens e o patrimonio das persoas .	Falso
▪ A responsabilidade civil é a obriga que recae sobre unha persoa de reparar os danos que lle causou a outra.	Verdadeiro

S22. *Complete as seguintes frases coas palabras que aparecen na caixa, pero teña en conta que sobran dúas delas:*

Pagamento aprazado, pasarela de pagamento, número secreto das tarxetas, tarxetas bancarias, tarxetas virtuais, tarxetas de crédito

- A pasarela de pagamento é un servizo que prestan certas empresas como intermediarios entre un cliente e un comercio.
- É recomendable memorizar o número secreto das tarxetas e non deixar unha copia escrita deste.
- Cota flexible que permite o pagamento aprazado mediante unha cota como se se tratase dun préstamo.
- Utilizar unha tarxeta de crédito ten as mesmas consecuencias que dispor de calquera outro crédito ou modalidade de financiamento.

S23. *Busque na seguinte sopa de letras seis palabras relacionadas co tema:*



S24. *Coas palabras atopadas na sopa de letras anterior, faga unha frase con cada unha delas.*

RESPOSTA LIBRE

▪ Diñeiro	Xan sempre anda con moito diñeiro no peto. Calquera día róubanollo.
▪ Seguro	Vou facer un seguro a todo risco para o coche novo.
▪ Cheque	Fixo o pagamento dos mobles da cociña cun cheque ao portador.
▪ Póliza	Na póliza do fogar que contratamos coa nova aseguradora aparecen todos os danos materiais cubertos .
▪ Débito	Sempre fago as miñas compras coa tarxeta de débito, así xa me fan o cargo na conta inmediatamente.
▪ Sinistro	O causante do sinistro foi o vehículo vermello que viña en dirección contraria.

S25. *Encrucillado*

Horizontais

1. Depósitos bancarios onde se centralizan as operacións básicas e diarias.
4. Medios de pagamento en soporte de plástico emitidos por unha entidade financeira.
5. Diñeiro que é legal e bancario.
9. Operacións nas entidades financeiras a través de Internet.
11. Tarxetas que serven unicamente para mercar en Internet.

Verticais

5. Persoa que contrata un seguro.
8. Persoa que percibe a contraprestación pactada no contrato de seguro.
12. Seguro que cobre os danos materiais no fogar e a responsabilidade civil orixinada por estes.

	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17
1	C	O	N	T	A	S	B	A	N	C	A	R	I	A	S		
2				O			E										
3				M			N										
4			T	A	R	X	E	T	A	S							
5				D			F	I	D	U	C	I	A	R	I	O	
6				O			I										
7				R			C										
8							I				F						
9						B	A	N	C	A	E	N	L	I	Ñ	A	
10							R				G						
11						V	I	R	T	U	A	I	S				
12							O				R						
13																	

6.2 Solucións das actividades complementarias

S26. Complete o glosario que aparece no punto 8.

O traballo desenvolverase na aula en grupos de dúas persoas.

Cada grupo deberá buscar 10 novos termos para incorporar ao glosario facendo uso das novas tecnoloxías, xornais ou libros de texto. Deberán expor a súa tarefa diante dos outros grupos para evitar que se repitan os mesmos

RESPOSTA LIBRE

- **Aforro.** Reservar ou gardar parte dos ingresos que se obteñen ordinariamente.
- **Banco.** Institución de tipo financeiro que se ocupa de prestar servizos financeiros con ánimo de lucro.
- **Banco de España (BDE).** Integrado no Eurosistema, é o banco central nacional e supervisor do sistema bancario.
- **Caixa de aforro.** Institución de tipo financeiro que se ocupa de prestar servizos financeiros sen ánimo de lucro.
- **Chip de seguridade das tarxetas.** É un cadrado pequeno metálico que aparece a un lado da tarxeta no que se almacenan os datos.
- **Comisións bancarias.** Cantidades que as entidades financeiras nos cobran polos seus servizos.
- **Financiamento.** Achega do diñeiro necesario para levar a cabo un investimento, proxecto ou actividade.
- **Investimento.** Colocación dun capital para obter unha ganancia futura.
- **Mercado de seguros.** Permite a redistribución de riscos diversos coma no caso dos contratos de seguro.
- **Rendibilidade.** É unha cantidade de diñeiro que vai percibir unha persoa por levar a cabo un investimento.

S27. Entre na seguinte ligazón do Banco de España <http://www.bde.es/bde/es/> e busque a información que aparece detallada na táboa.

▪ Que son os sistemas de pagamento?	▪ Constitúen unha peza básica para a actividade económica e financeira dun país. É a infraestrutura sobre a cal se mobilizan os activos nunha economía.
▪ Busque a definición de <i>apuntamento</i> no glosario dos sistemas de pagamento.	▪ É o asento ou anotación no rexistro contable dunha conta.
▪ En que data se puxo o euro en circulación? Quen decide o volume de billetes que se emiten cada ano?	▪ O 1 de xaneiro do 2002 ▪ O Banco Central Europeo (BCE)
▪ Enumere cinco servizos que ofrece o BCE.	▪ Servizo de información de estatísticas ▪ Declaración de transaccións co exterior ▪ Central de información de riscos ▪ Certificados dixitais e sinatura electrónica ▪ Apertura de contas directas

- S28. *A continuación, na mesma ligazón que na actividade anterior, entre no Portal educativo (columna á esquerda) e en Educación Primaria e Secundaria, prema na ligazón "La escuela del euro". Aquí terá que descubrir cales son os elementos de seguridade dos billetes de euro.*

	A autenticidade dun billete de euro é doada de verificar mediante o método toque, mire e xire. ▪ A textura do papel é firme e resistente. ▪ Nos bordes esquerdo e dereito do anverso hai unha serie de liñas curtas en relevo. Tamén se aprecia relevo na imaxe principal, nas letras e na cifra grande que ofrece o valor do billete. ▪ Mire o billete a contraluz. A xanela situada na parte superior da holografía vólvese transparente e amosa un retrato de Europa, que é visible en ambos os lados do billete. Ao inclinar este, a xanela tamén mostra unhas liñas multicolor arredor do número que indican o valor do billete. No reverso, a xanela amosa números multicolor que indican o valor do billete. ▪ Mire o billete a contraluz e poderá apreciar unha imaxe difusa dun retrato de Europa, o valor do billete e o motivo principal. Trátase dunha marca de auga con forma de retrato. Este aparece tamén na holografía. ▪ Fío de seguridade como unha banda oscura que aparece na icona do € e o valor do billete en caracteres brancos nun tamaño máis reducido. ▪ O número brillante situado na esquina superior esquerda do anverso produce un reflexo metálico que se despraza verticalmente. O número muda a súa cor verde esmeralda por azul escuro.
Seguridade nos billetes de euro para evitar posibles falsificacións	

- S29. *Todo propietario dun vehículo de motor está obrigado a contratar e manter en vigor un seguro que cubra a responsabilidade civil na que poida incurrir o condutor como consecuencia dun feito na circulación. O incumprimento debe estar sancionado administrativamente cunha multa.*

- Quen é o asegurado e quen o tomador do seguro do vehículo?
- Quen é o responsable no caso de que se produzan danos a terceiras persoas? E danos materiais?
- Como poden ser este tipo de seguros?
- Enumere algunha cobertura voluntaria do seguro de responsabilidade civil.

▪ **Quen é o asegurado e quen o tomador do seguro do vehículo?**

O asegurado é o condutor e o tomador é o propietario.

▪ **Quen é o responsable no caso de que se produzan danos a terceiras persoas?**

O responsable será o condutor, salvo que haxa negligencia por parte da persoa prexudicada.

▪ **E dos danos materiais?**

O responsable é o condutor se están causados pola súa culpa.

- **Como poden ser este tipo de seguros?**

Seguro fronte a terceiros: Cobre calquera dano que se produza a terceiras persoas.

Seguro a todo risco: Cobre calquera dano que sufra o vehículo do asegurado.

Seguro a todo risco con franquía: No caso de sinistro e, sempre e cando, fose responsabilidade do asegurado, este asumirá unha cantidade pactada no contrato de seguro para facer fronte á reparación do vehículo. A compañía aseguradora aboa o resto.

- **Enumere algunha cobertura voluntaria do seguro de responsabilidade civil**

Seguro de roubo: cobre os danos derivados do roubo do vehículo.

Seguro de ocupantes: prestación para os ocupantes do vehículo en caso de accidente.

Seguro de danos propios: cobre os danos sufridos no vehículo, como consecuencia dun incendio ou pola rotura de cristais.

Seguro voluntario de responsabilidade civil: cobre os danos causados pola culpa do condutor a persoas ou bens por enriba dos límites legais establecidos no seguro obrigatorio.

Defensa e reclamacións: cobre os gastos nos que poida incurrir o asegurado como consecuencia da súa intervención nun procedemento administrativo, xudicial ou arbitral. Tamén lle presta os servizos de asistencia xurídica xudicial e extraxudicial derivados da conducción do vehículo de motor.

6.3 Solucións dos exercicios de autoavaliación

1. Se non quero que me rouben por Internet:

- ☐ Debo comprobar que opero nun sitio seguro.
- ☐ Debo imprimir os xustificantes de pagamento da tenda virtual.
- ☐ Sempre que poida, debo utilizar pasarelas de pagamento.
- ☒ Todo o anterior é correcto.

2. A tarxeta virtual:

- ☒ Como o seu nome indica, non existe fisicamente.
- ☐ Úsase para grandes supermercados.
- ☐ Pódese ver con gafas 3D.
- ☐ Non ten límite de diñeiro.

3. O diñeiro que aparece na súa conta bancaria, cando mira o seu saldo é:

- ☐ Un investimento.
- ☒ Diñeiro bancario.
- ☐ Diñeiro legal.
- ☐ Todas son falsas.

4. Se me sinto desconforme co proceder do meu banco, podo reclamar:

- ☒ Ao Servicio de Atención ao cliente.
- ☐ Ao Ministerio de Defensa do Consumidor.
- ☐ Ao Consello de Administración do banco.
- ☐ Ao Ministerio de Asuntos Legais.

5. Un seguro:

- ☐ É moi rendible.
- ☐ É o documento onde figuran as condicións do contrato.
- ☒ Permite protexernos fronte ás consecuencias dos riscos.
- ☐ É unha forma de investimento.

6. O risco cuberto é

- ☒ A cobertura.
- ☐ A póliza.
- ☐ A suma asegurada.
- ☐ A continxencia.

7. Os billetes e moedas de curso legal son...

- ☐ O diñeiro bancario.
- ☐ Os depósitos á vista.
- ☒ O diñeiro legal.
- ☐ Todas as anteriores son correctas.

8. Cal das seguintes non é unha vantaxe dos depósitos á vista?

- ☐ A liquidez total.
- ☒ As comisións por administración e mantemento.
- ☐ A utilización de caixeiros.
- ☐ A información detallada dos movementos

9. As tarxetas bancarias...

- ☐ Utilizan os fondos depositados nunha conta bancaria.
- ☐ Poden ser de varios tipos.
- ☐ Son cómodas para facer pagamentos.
- ☒ Todas as anteriores son correctas.

10. Utilizar unha tarxeta de crédito ten as mesmas consecuencias que...

- ☐ Utilizar unha tarxeta de débito.
- ☐ Utilizar unha tarxeta non bancaria.
- ☒ Dispor de calquera outro crédito ou modalidade de financiamento.
- ☐ Todas as anteriores non son correctas.

11. Á hora de facer unha reclamación ante unha entidade financeira, que pasos se deben seguir?

- ☐ Presentar o formulario de reclamación ante o Banco de España vía telemática ou por escrito.
- ☒ Presentar a reclamación ante o Servicio de Atención ao Cliente da propia entidade financeira.
- ☐ Non se poden facer reclamacións ante unha entidade financeira.
- ☐ Debemos ter unha autorización da persoa que nos abriu a conta no momento preciso.

12. O mercado financeiro é aquel onde...

- ☒ Se intercambia diñeiro e produtos financeiros entre as entidades financeiras (oferentes) e os axentes económicos (demandantes).
- ☐ Se intercambia diñeiro e produtos financeiros entre as entidades financeiras (demandantes) e os axentes económicos (oferentes).
- ☐ Se cobran xuros e comisións por calquera operación financeira.
- ☐ Se tramitan todo tipo de contratos.

13. É unha obriga do titular dunha conta...

- ☐ Recibir a información necesaria do produto ofrecido.
- ☐ Recibir o documento do contrato.
- ☒ Facilitar os datos que a entidade lle solicite para poder identifícalo.
- ☐ Todas son correctas.

14. Que é un instrumento financeiro?

- ☐ É unha ferramenta que utilizan os bancos para rebaixar as comisións nas operacións.
- ☐ É unha ferramenta que utilizan as caixas para equilibrar o saldo das contas dos seus clientes.
- ☐ É a forma coa que os bancos e caixas abaratan os xuros dos préstamos e liñas de crédito.
- ☒ É un produto ou servizo ofrecido polas entidades financeiras.

15. As entidades financeiras son...

- ☐ Prestatarias.
- ☒ Prestamistas.
- ☐ As dúas son correctas.
- ☐ As dúas son falsas.

7. Glosario

A continuación aparece unha relación de termos para facilitar a comprensión e o estudo dos contidos.

A	▪ Activos financeiros	Son instrumentos financeiros que lle outorgan ao seu posuidor o dereito de percibir unha rendibilidade do seu vendedor.
	▪ Asegurado/a	Persoa exposta ao risco previsto no seguro. Este pode recaer sobre a propia persoa, seus bens ou sobre o seu patrimonio.
	▪ Asegurador	Compañía de seguros.
	▪ Axentes económicos.	Unidades de decisión que interveñen nos mercados. Polo tanto, son as persoas participantes nun mercado determinado: familias (consumidores), empresas e o Sector público.
B	▪ Beneficiario	É a persoa que recibe a contraprestación pactada no contrato.
C	▪ Cheque	Orde de pagamento ao banco para que lle entregue unha cantidade especificada a quen se indique.
	▪ CNMV	Comisión Nacional Mercado de Valores. Axencia gobernamental española encargada de regular financeiramente os mercados de valores en España.
	▪ Conta bancaria	Depósito de diñeiro que constitúe o soporte en torno ao cal se centralizan as operacións bancarias habituais.
D	▪ Depósito a prazo	Depósitos de diñeiro no banco nos que o titular se compromete a mantelos durante un período de prazo determinado sen poder dispor deles.
	▪ Diñeiro	Medio de cambio e de pagamento xeralmente aceptado por todos.
	▪ Diñeiro bancario	É o que, só existe virtualmente, porque está no banco. Ao depositar o diñeiro legan. É o que só existe virtualmente, porque está no banco. Ao depositar o diñeiro legan neste, polo cal desaparece fisicamente e renace como diñeiro bancario.
	▪ Diñeiro fiduciario	É o diñeiro legal máis o diñeiro bancario.
	▪ Diñeiro legal	Billetes e moedas de curso legal emitidos polos bancos centrais de cada país.
I	▪ Institución financeira	Institución que ofrece e facilita servizos financeiros (bancos, caixas de aforro).
P	▪ Pasarelas de pagamento	Servizo que prestan certas empresas coma intermediarias do pagamento entre un cliente e un comercio. Quen paga ao comercio é a empresa intermediaria que, á súa vez, lle cobra o importe ao cliente.
	▪ Prima (seguros)	Prezo do seguro.
R	▪ Responsabilidade civil	Obriga que recae sobre unha persoa de reparar danos que causou outra. Xeralmente, supón un pagamento de diñeiro á persoa que sufriu os danos.
S	▪ Seguro	Contrato, mediante o cal, a cambio dunha prima, o asegurador se compromete a indemnizar un terceiro no caso de que se produza un sinistro.
	▪ Servicio de atención ao cliente	Departamento do banco que decide sobre aqueles conflitos xurdidos entre a entidade e o cliente.
T	▪ Tarxeta bancaria	Pode utilizarse para realizar compras ou retirar diñeiro dos caixeiros automáticos. Son emitidas por unha entidade financeira.
	▪ Tarxeta de crédito	É a tarxeta que permite realizar pagamentos ou conseguir diñeiro ata un límite fixado, sen necesidade de ter fondos na conta bancaria nese momento.
	▪ Tarxeta de débito	É a tarxeta que permite pagar de forma inmediata, pois é como utilizar o diñeiro da conta. Cárgase de inmediato na conta bancaria.
	▪ Tarxeta moedeiro	É a que permite realizar o pagamento ata un límite previamente fixado tras ingresar o diñeiro na conta bancaria.
	▪ Tarxeta virtual.	É unha variante da tarxeta moedeiro que serve exclusivamente para mercar a través de Internet.

8. Bibliografía e recursos

Bibliografía

Materiais e libros de texto utilizados para elaborar a unidade

- MOCHÓN, Francisco, Economía 1º Bacharelato. Editorial McGrawHill, 2002.
- PENALONGA SWEERS, Anxo. Economía 4º ESO. Editorial McGrawHill.

Ligazóns de Internet

Nas seguintes ligazóns, atopas material para facilitar e comprender mellor os contidos desta unidade.

- Historia do diñeiro

<https://youtu.be/BvG-XKMkBgE>

- Diñeiro: da moeda ao billete

<https://youtu.be/OJI0ERrKlqE>

- Blog de educación bancaria

<https://educacionbancaria.wordpress.com>

<http://www.consumoteca.com/economia-familiar/medios-de-pago/las-tarjetas-bancarias-tipos-y-diferencias/>

Outros recursos

Recursos de axuda para solucionar as actividades propostas e complementarias

- Banco de España

<https://www.bde.es>

- Banco de España portal educativo



<https://www.bde.es/educa.es>



- Finanzas para todos

<https://www.finanzasparatodos.es>

9. Anexo. Licenza de recursos

Licenzas de recursos utilizadas nesta unidade didáctica

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 1	- Autoría: martaposemuckel - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 2	- Autoría: Alexas_Fotos - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.oizabay.com
 RECURSO 3	- Autoría: fabricadesombreros - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.flickr.com	 RECURSO 4	- Autoría: anestiev - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 5	- Autoría: Skitterphoto - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 6	- Autoría: Jose Antonio Casares González - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.flickr.com
 RECURSO 7	- Autoría: Stevebidmead - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 8	- Autoría: PublicDomainPictures - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 9	- Autoría: FrankeFeind - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 10	- Autoría: JR Ferrer - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.flickr.com
 RECURSO 11	- Autoría: tookapic - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 12	- Autoría: Alexas_fotos - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 13	- Autoría: Tumisu - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 14	- Autoría: Akuptsova - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 15	- Autoría: Site Marca - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.flickr.com	 RECURSO 16	- Autoría: Yeray Hdez Guerra - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.flickr.com
 RECURSO 17	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 18	- Autoría: 27707 - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com

RECURSO (1)	DATOS DO RECURSO (1)	RECURSO (2)	DATOS DO RECURSO (2)
 RECURSO 19	- Autoría: johnny_deff - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 20	- Autoría: Deans_Icons - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 21	- Autoría: mono2mono - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 22	- Autoría: stevepb - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 23	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 24	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixaby.com
 RECURSO 25	- Autoría: JuralMin - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 26	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 27	- Autoría: OpenClipart-Vectors - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 28	- Autoría: Clker-Free-Vectors-Images - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 29	- Autoría: DavidRockDesign - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com	 RECURSO 30	- Autoría: Captainzz - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com
 RECURSO 31	- Autoría: animatedheaven - Licenza: Creative Commons - Procedencia: www.pixabay.com		